



DATOS IDENTIFICATIVOS

Técnicas fotográficas

Materia	Técnicas fotográficas			
Código	P01G010V01204			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Pintura			
Coordinador/a	Rodríguez Caldas, María del Mar			
Profesorado	Pinal González, Andrés Rodríguez Caldas, María del Mar Tejo Veloso, Carlos			
Correo-e	marcaldas@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O alumnado matriculado nesta materia usou a cámara fotográfica en diferentes contextos, aínda que non se cursara ningunha materia que abordase a fotografía tanto no aspecto práctico como no teórico. Este é o motivo principal polo que nesta materia partírase de cero. A materia enfocárase desde un punto de vista eminentemente práctico fundamentándose no manexo da cámara e no proceso de obtención das imaxes fotográficas. Asemade, propiciárase un achegamento á historia e a estética fotográfica.			

Competencias

Código	
B1	Capacidade de xestión da información.
B2	Capacidade de comunicación. Capacidade para expoñer oralmente e por escrito con claridade problemas complexos e proxectos dentro do seu campo de estudo
C2	Comprensión crítica da evolución dos valores estéticos, históricos, materiais, económicos e conceptuais. Analizar a evolución dos valores da arte desde unha perspectiva socioeconómica e cultural
C5	Coñecemento da teoría e do discurso actual da arte, así como o pensamento actual dos artistas a través das súas obras e textos. Actualizar constantemente o coñecemento directo da arte a través dos seus propios creadores
C6	Coñecemento do vocabulario, códigos, e dos conceptos inherentes ao ámbito artístico. Coñecer a linguaxe da arte
C7	Coñecemento do vocabulario e dos conceptos inherentes a cada técnica artística particular. Coñecer a linguaxe creativa específica
C12	Coñecemento dos materiais e dos seus procesos derivados de creación e/ou produción. Coñecer os materiais, procedementos e técnicas que se asocian a cada linguaxe artística
C14	Coñecemento dos instrumentos e métodos de experimentación en arte. Aprendizaxe das metodoloxías creativas asociadas a cada linguaxe artística
C31	Capacidade para xerar e xestionar a produción artística. Saber establecer a planificación necesaria nos procesos de creación artística.
C32	Capacidade de aplicar profesionalmente tecnoloxías específicas. Utilizar as ferramentas apropiadas para as linguaxes artísticas propias
C36	Capacidade de documentar a produción artística. Utilizar as ferramentas e recursos necesarios para contextualizar e explicar a propia obra artística
C39	Capacidade de determinar o sistema de presentación adecuado para as calidades artísticas específicas dunha obra de arte. Adquirir criterios para a adecuada apreciación da obra de arte en relación co seu entorno e exhibición
C42	Habilidades para a creación artística e capacidade de construír obras de arte. Adquirir as destrezas propias da práctica artística
C43	Habilidade para establecer sistemas de produción. Desenvolver estratexias aplicadas ao exercicio sistemático da práctica artística
C48	Habilidade para unha presentación adecuada dos proxectos artísticos. Saber comunicar os proxectos artísticos en contextos diversificados

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
O alumnado será capaz de coñecer o vocabulario e códigos fotográficos.		C6 C7
O alumnado será capaz de manexar cámaras e outros dispositivos fotográficos.		C12 C14
O alumnado será capaz de xerar e xestionar de xeito básico unha imaxe fotográfica.		C31 C32
O alumnado será capaz de entender o valor creativo da fotografía.		C2 C6 C14
O alumnado será capaz de entender o valor interdisciplinar da fotografía.		C5 C6 C7 C39
O alumnado será capaz de entender o valor documental, de análise e de xeración de imaxes da fotografía na creación artística.	B1 B2	C5 C6 C7 C48
O alumnado será capaz de xerar e xestionar dun xeito básico imaxes fotográficas dixitais.		C31 C32 C42 C43
O alumnado será capaz de xerar e xestionar dun xeito básico imaxes fotográficas analoxicas.		C31 C32 C42 C43
O alumnado será capaz de xerar sistemas de produción fotográfica nun nivel básico.		C31 C32 C42 C43
O alumnado será capaz de manexar dispositivos e materiais básicos para a produción fotográfica.		C32 C42
O alumnado será capaz de integrar a fotografía en procesos creativos.		C42 C43
O alumnado será capaz de utilizar a fotografía como documento e medio de análise visual.	B1 B2	C36

Contidos

Tema	
CÁMARA FOTOGRÁFICA	A cámara fotográfica. Lonxitude focal. Obxectivos. Diafragma/profundidade de campo. Velocidade de exposición/movemento. Elección do par diafragma-velocidade. Medición da luz. Cámaras analóxicas e cámaras dixitais.
LABORATORIO EN BRANCO E NEGRO.	EMULSIÓNS FOTOGRÁFICAS. Concepto de substancia fotosensible. Tipos de emulsións. O fotograma como instrumento de creación. REVELADO. Películas en branco e negro. Tipos e características. Proceso de revelado do negativo en branco e negro. POSITIVADO. A ampliadora e os seus elementos. Proceso de positivado en branco e negro. Contactos, tiras de proba e copia fotográfica. Utilización de filtros de contraste.
FOTOGRAFÍA DIXITAL	Capturadores de imaxe numérica. Estrutura da imaxe numérica. Arquivos de imaxe. Representación da cor. Dispositivos de reprodución. Realización de copias en cor. Diferentes procesos.
ESTUDIO E ILUMINACIÓN	A luz. Luz natural e luz artificial. Temperatura de cor. Equipos de iluminación e ferramentas. Luz continua. Flash. Velocidade de sincronización e obturación. A luz principal, recheo e recorte. Esquemas de iluminación.
(*)ESTUDIO E ILUMINACIÓN	(*)La luz. Luz natural y luz artificial. Temperatura de color. Equipos de iluminación y herramientas. Luz continua. Flash. Velocidad de sincronización y obturación. La luz principal, relleno y recorte. Esquemas de iluminación.
HISTORIA E ESTÉTICA DA FOTOGRAFÍA	Os diferentes usos da fotografía o longo da historia. A fotografía como medio de expresión artística. Correntes estéticas, movementos e principais autoras e autores.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Aprendizaxe baseado en proxectos	0	45	45
Seminario	5	0	5
Prácticas de laboratorio	40	0	40
Presentación	5	0	5
Lección maxistral	5	0	5
Cartafol/dossier	5	0	5
Traballo	0	45	45

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Aprendizaxe baseado en proxectos	Realización autónoma de proxectos fotográficos a proposta do profesorado.
Seminario	O profesorado asiste a un grupo de estudantes para a resolución de problemas na aula ou no laboratorio.
Prácticas de laboratorio	Os estudantes traballan individualmente ou en grupo baixo a supervisión do profesorado, no viero da materialización dos seus proxectos.
Presentación	O estudante, de maneira individual ou en grupo, presenta o resultado dos seus proxectos, método ou metodoloxías empregadas e análise e conclusión, ante o profesorado e un grupo de estudantes.
Lección maxistral	Clase maxistral con posible soporte de medios multimedia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe baseado en proxectos	O profesorado propón proxectos proporcionando referentes artísticos e orientando sobre o desenvolvemento conceptual e os recursos técnicos para a súa realización.
Prácticas de laboratorio	O profesorado asiste ao alumnado, individualmente ou en grupo, na materialización dos seus traballos.
Seminario	O profesorado orienta aos estudantes sobre a resolución de problemas técnicos e conceptuais.
Probas	Descrición
Traballo	O profesorado supervisa, individualmente e en grupo, a realización de traballos e proxectos.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Aprendizaxe baseado en proxectos	Desenvolver e manexar a cámara e os procesos e conceptos abordados. Desenvolver as imaxes fotográficas desde unha perspectiva técnica, estética e conceptual.	5	C12 C14
Prácticas de laboratorio	Adquirir destreza no uso de aparatos e procesos fotográficos. Utilizar os medios adecuados para solucionar propostas concretas.	25	C2 C6 C14 C31 C32 C42 C43
Presentación	Adquirir destreza para presentar en público os traballos realizados. Potenciar a capacidade de análise e de síntese. Desenvolver a capacidade de diálogo no debate dos traballos presentados.	5	B1 B2 C42 C43
Lección maxistral	Entender a fotografía ao longo da historia e coñecer o seus valores estéticos. Coñecer basicamente o funcionamento dos medios e o laboratorio fotográfico.	5	C2 C6 C14 C31 C32 C42 C43

Cartafol/dossier	A disposición, inquietude e búsqueda de alternativas en todo momento coherentes cos proxectos na súa presentación e soporte físico.	5	B1	C36
Traballo	Desenvolvemento e destreza no manexo da cámara e dos procesos e conceptos abordados. Desenvolvemento de imaxes fotográficas desde a perspectiva técnica, estética e conceptual.	55		C2 C6 C14 C31 C32 C42 C43

Outros comentarios sobre a Avaliación

Convocatoria ordinaria: Entréganse os exercicios e proxectos propostos no curso, podéndose realizar, a maiores, unha proba teórico-práctica sobre os contidos da materia.

Convocatorias extraordinarias: Realizarase unha proba teórico-práctica sobre os contidos da materia.

Probas de avaliación de convocatorias extraordinarias

<http://belasartes.uvigo.es/bbaa/index.php?id=31>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

BAQUÉ, Dominique, **La fotografía plástica: un arte paradójico**, Gustavo Gili, 2003

BENJAMIN, Walter, **Sobre la fotografía**, Pre-Textos, 2004

FONTCUBERTA, Joan, **Estética fotográfica : una selección de textos**, Gustavo Gili, 2003

NEWHALL, Beamount, **Historia de la fotografía**, Gustavo Gili, 1983

SONTAG, Susan, **Sobre la fotografía**, Edhasa, 1981

Bibliografía Complementaria

ANTONINI, Marco et al, **Fotografía experimental: Manual de técnicas y procesos alternativos**, Blume, 2015

BRAU, Gabriel, **Fotografía digital en blanco y negro**, J de J, 2018

FREEMAN, Michael, **Guía completa de fotografía digital**, Blume, 2012

FREEMAN, Michael, **Guía completa de luz e iluminación digital**, Blume, 2013

HUNTER, Fil; BIVER, Steven; FUQUA, Paul, **La luz. Ciencia y magia**, Anaya, 2015

MELLADO, José María, **Fotografía digital de alta calidad**, Artual, 2010

MELLADO, José María, **Lightroom Revolution: Fotografía de Alta Calidad**, Anaya, 2018

oscarenfotos.com,

xatakafoto.com,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Proxectos fotográficos/P01G010V01907

Outros comentarios

Titorías:

Carlos Tejo: martes de 09:00 a 14:00 e mércores 10:00 a 11:00. Despacho área de pintura 2º piso. email: carlos.tejo@uvigo.es

Mar Caldas: 1º cuatrimestre: mércores de 15.30 a 21.30. / 2º cuatrimestre. Xoves: de 9.00 a 10.00, de 13.30 a 14.30. Venres: de 10.00 a 12.00, de 14.00 a 15.00, de 20.30 a 21.30 despacho área de pintura 2º piso. email: marcaldas@uvigo.es

Andrés Pinal: venres de 17.00-21.00. andrespinal@hotmail.com

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou

non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen
Mantéñense todas as metodoloxías

* Metodoloxías docentes que se modifican
Non se modifican metodoloxías

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
Aulas virtuais, foro de Faitic e correo electrónico.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
No caso de docencia semipresencial ou non presencial elimínase o tema LABORATORIO EN BRANCO E NEGRO e incídense nos temas adicados á fotografía eo revelado dixital.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
engádense os seguintes recursos electrónicos
-dzoom.org
-processingraw.com
-Lectures on Digital Photography <https://sites.google.com/site/marclevoylectures/>

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

No caso de docencia semipresencial ou non presencial substitúense as probas que precisan da utilización do laboratorio en branco e negro e mais do plató por probas relativas á fotografía dixital consistentes na entrega de exercicios e proxectos a través da plataforma Faitic.

Substitúese a Proba teórico-práctica sobre os contidos da materia prevista para as convocatorias de xuño e xullo pola entrega de exercicios e proxectos suspensos ou non entregados durante o curso.
